

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 3 DE MAIO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a tres de maio de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as oito horas cincuenta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 27 de abril de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- APROBACIÓN DAS BASES DA INICIATIVA “RODEIRO DE TAPAS. IX XORNADAS DE PROMOCIÓN DA CAZA E DOS PRODUTOS LOCAIS”

Dáse conta aos Sres. concelleiros presentes que o concelleiro-delegado de educación, turismo, comunicación, patrimonio e comercio vén de organizar unha nova edición da iniciativa “Rodeiro de tapas. IX Xornadas de promoción da caza e dos produtos locais”, dada a gran acollida que tiveron as oito últimas edicións entre establecementos, veciños e visitantes, e logo dun paréntese de dous anos sen poder levarse a cabo por mor da pandemia da COVID-19. Participarán aqueles bares e restaurantes de Rodeiro que

manifestaron a súa vontade de adherirse á iniciativa. O programa do concurso desenvolverase en dúas fins de semana durante o mes de maio: 6, 7 e 8; e 13, 14, 15, 16 e 17. Os obxectivos principais da iniciativa responden á promoción da gastronomía local, a dinamización do sector hostaleiro local e á promoción turística e comercial do Concello.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as bases da iniciativa *“Rodeiro de tapas. IX Xornadas de promoción da caza e dos produtos locais”*, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

Segundo.- Aprobar o correspondente gasto, por importe máximo de DEZ MIL EUROS (10.000,00 €), imputable á partida presupostaria 330/226 do orzamento en vigor.

ANEXO

BASES RODEIRO DE TAPAS IX XORNADAS DE PROMOCIÓN DA CAZA E DOS PRODUTOS LOCAIS

Póñense en marcha as novenas xornadas de tapeo, organizadas pola Concellaría de educación, turismo, comunicación, patrimonio e comercio do Concello de Rodeiro.

1. OBXECTIVOS

- 1.1 Dar a coñecer o potencial gastronómico do pobo de Rodeiro a través da promoción de produtos locais de recoñecida calidade: lácteos, cames, caza, pan, ovos, etc.
- 1.2 Impulsar o sector hostaleiro local e o sector produtivo primario.
- 1.3 Consolidar esta iniciativa facer dela unha ferramenta de promoción turística, comercial e de desenvolvemento.
- 1.4 Converter Rodeiro en Destino turístico pola gastronomía, a paisaxe e a Historia.

2. O CONCURSO e CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

2.1 Nesta iniciativa participan aqueles bares e restaurantes do Concello de Rodeiro que así o desexen. O éxito dependerá, en gran medida, da presentación, elaboración, servizo e creatividade da tapa que cada hostaleiro presente. Deberán ter presente que o seu esforzo será recompensado coa mellora da imaxe do seu colectivo e o incentivo que supón a idea de chegar a un maior número de clientes.

2.2 O prazo para a inscrición levouse a cabo entre os días 04 ó 08 de abril de 2022

2.3 O día 08 de abril, os chef profesionais Jesús Méndez Álvarez e Iván Méndez Álvarez, realizaron unha visita a cada un dos locais, que tiñan preparada a súa tapa, para que este mesmo chef os asesorara nas melloras da tapa.

O día 15 de abril, a organización pasou a fotografar a tapa definitiva, a cal aparecerá no pasaporte do concurso.

A presentación do evento aos medios de comunicación tivo lugar o día 30 de abril

2.4 Cada establecemento presenta ao concurso unha soa tapa.

DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

As datas que se propoñen para o desenvolvemento do concurso serán as seguintes:

A primeira fin de semana, o do 06 (dende a noite) 07 e 08 de maio.

A segunda fin de semana, o do 13 (dende a noite) 14, 15, 16 e 17 de maio.

Todas as tapas serán realizadas aproveitando os fantásticos produtos do concello.

Coincidindo coas datas de realización do concurso o Concello de Rodeiro promoverá a realización de eventos relacionados coa cultura e o patrimonio co fin de vincular a distintos sectores da vida municipal no obxectivo de impulsar as potencialidades do noso pobo.

2.5 Establécese un prezo fixo unitario de 2,00 €/tapa.

2.6 O Xurado conformarase preferentemente por xornalistas, cociñeiros, actores ou bloggers que darán conta das tapas e as súas valoracións, nun fin de semana de concurso. A designación dos integrantes do xurado profesional farase mediante acordo da Xunta de Goberno Local a proposta do Sr. concelleiro-delegado responsable do concurso.

2.7 Os establecementos comprométense a ter á disposición do público, e en cantidade suficiente, a tapa coa que participan durante os días de duración do evento e servirán as tapas entre as 13:00 h. e as 15:00 h. e entre as 19:00 h. e as 23:00 horas. Os establecementos poderán ampliar este horario, Os establecementos que por algunha causa xustificada non poidan cumprir o horario establecido, deberán comunicarlo á organización.

2.8 Os establecementos deberán colocar nun lugar visible o material promocional e corporativo do concurso, para este fin entregaráselle a cada local un folleto coas bases, un plano coa ruta do tapeo e coa enumeración dos locais participantes, un cartel publicitario, unha furma e uns tacos de votación para que o público poida valorar a proposta feita por cada local.

2.9 Ademais, os establecementos participantes deberán:

- a) Selar a todos os clientes que o precisen, co seu correspondente selo na tarxeta de votación (ver apartado 5 destas Bases), logo de consumir a tapa específica do concurso.
- b) Dentro do establecemento, indicar e diferenciar de maneira visible na súa oferta a tapa que participen no concurso.
- c) Dar un informe final sobre o número e colaborar coa enquisa de valoración do evento que se realizará co fin de mellorar as futuras edicións do mesmo.

3. A TAPA

3.1 As tapas deberán empregar como ingredientes produtos de calidade da nosa terra, tratando a preparación de maneira tradicional ou ofrecendo unha cociña de novas tendencias pero mantendo as materias primas e o espírito da nosa gastronomía.

Na súa valoración terán especial consideración:

- A elaboración
- A presentación
- O sabor
- Orixinalidade/Usos produto local

As tapas puntuaranse de 1 á 10 nos catro apartados anteriores, a que obteña a maior puntuación será a tapa gañadora e así sucesivamente, para o segundo e terceiro posto

Ademais na tapa que sexa elaborada con produtos procedentes da produción local valorarase especialmente a promoción e a innovación que se consiga a través da conxunción do sector produtivo primario e a hostalería, xa que logo entre os obxectivos do programa está poñer en valor o produto local de calidade e promocional. Esixírase como condicionantes os establecidos na base 2.4

4. PARTICIPANTES

4.1 Concursan os establecementos de hostalería que teñan o seu establecemento radicado dentro do termo municipal. Para os establecementos participantes crearáselle, de solícitalo, unha conta na web que permita a localización do seu negocio en Google Maps e un enlace á páxina web da iniciativa en Facebook, sen custe para eles. Neste sentido, aproveitarase a infraestrutura existente das edicións pasadas, soamente para os interesados que desexen continuar participando.

Os establecementos participantes nesta IX edición son os seguintes:

1. Restaurante A Latiza. "Cachopito"
2. Casa Sánchez. "Cacheirito's"
3. Cabalos do Faro. "Cunca Quente"
4. Casa Achacán. "Brunch Cambote"
5. Parrillada Maranteiro. "Volando voy"
6. Bar Dacal. "Tente en Pié"
7. Bar Desito. "Pizza Carnívora"
8. Pub Gallaecia. "Enrola-dos"
9. Bruxas e Coruxas. "Recuncallo"
10. As Carpinteiras. "Piruletiña"
11. A Esmorga. "Bacallau serrano"
12. O Recanto. "Taco recanto Wey!"
13. Pub Quirós. "O noso pastrami"

5. PREMIOS

Establécense dúas categorías de premios: premios do xurado profesional e premios do público.

5.1- O xurado profesional visitará Rodeiro nun dos días do concurso e determinarán a 1ª, 2ª e 3ª mellor tapa. Cós seguintes apartados:

TARXETA DE VALORACIÓN XURADO PROFESIONAL

NOME DO ESTABLECIMENTO	PRESENTACIÓN Puntuar de 1 a 10	SABOR Puntuar de 1 a 10	ELABORACIÓN Puntuar de 1 a 10	ORIXINALIDADE/USO PRODUCTO LOCAL Puntuar de 1 a 10

O premio do xurado profesional determinarase polo , a que obteña a maior puntuación será a tapa gañadora e así sucesivamente, para o segundo e terceiro posto.

5.2 Modelos de cupóns de valoración do público.

TARXETA DE VALORACIÓN DO PÚBLICO (Anexo I)

- O premio do público determinarase pola tapa que mellor coeficiente teña entre o número total de puntos e número total de papeletas recibidas, que darán como resultado a puntuación media obtida pola súa tapa, para poder optar ao premio do público o establecemento deberá ter máis de 50 papeletas válidas.

Decidirase tamén a 1º, 2º e 3º Mellor tapa

6. PREMIOS XURADO PROFESIONAL AOS ESTABLECEMENTOS.

O establecemento gañador do concurso será premiado con:

Primeiro clasificado:

- Un (1) ano gratis de inscrición á Asociación de Empresarios do Deza (AEDeza).
- Taco universal cun xogo de coitelos profesionais cortesía de cuchillería As Burgas

Segundo clasificado:

- Seis (6) meses gratis de inscrición á Asociación de Empresarios do Deza (AEDeza)

Terceiro clasificado:

- Tres (3) meses gratis de inscrición á Asociación de Empresarios do Deza (AEDeza)

Os establecementos gañadores recibirán o diploma acreditativo correspondente e participará nas accións de publicidade que se realicen con posterioridade.

6.1 PREMIOS DO PUBLICO:

Pasaporte: (Anexo II)

Tanto nos establecementos como nas oficinas do concello, poderán atoparse os pasaportes, que inclúen un mapa dos locais e co horario de atención ao público, non das tapas, e o nome dos mesmos cun espazo para asinar ou poñer o cuño do local visitado. Unha vez completado o pasaporte e cumprimentado cos datos mínimos do número de teléfono e nome e apelidos (se non inclúe estes datos, non será válido), depositarase na urna de calquera local participante.

No caso de que completen o pasaporte, optarán por sorteo os seguintes premios:

1. A Carbiña(Caurel), 1 noite de aloxamento para dúas persoas.
2. Casa Ferreiro(Caurel), 1 noite de aloxamento para dúas persoas
3. Casa Rural Costa da Egoa(Carral), 1 noite de aloxamento para dúas persoas
4. Galicia Calidade, Restaurante A Taberna(Ourense), 1 cea para dúas persoas
5. Hostal La Viuda(Trives), 1 noite e aloxamento para dúas persoas
6. Bodegas Bilbáinas, Viña Pomal, 1 lote de viños
7. Disanfa, Lote de viños

Redes sociais:

Establecese tamén un premio especial para a persoa máis activa nas redes sociais co Hashtag #Rodeirodetapas2022 que axude na difusión do concurso:

- 1 noite para 2 persoas no Hotel Rural Finca A Goleta (Foz)

Papeletas de votación:

Cada establecemento terá un talonario. As papeletas terán que estar cubertas, como mínimo, co nome do local, o nome e apelidos do votante e o número de teléfono. De non ser así, a papeleta non será contabilizada e non entrará no sorteo dos premios a papeleta. Nela poderán valorar a tapa do 1 ó 5, e será depositada na urna do local que se consumiu a tapa, poderán utilizar unha papeleta por tapa consumida. Non se admiten como válidas as papeletas depositadas nunha urna distinta á do local no que se consumiu a tapa obxecto de valoración.

Entre todas papeletas, poderán optar mediante sorteo os seguintes premios:

1. Avega. Unha cea para dúas persoas nun establecemento de Rodeiro
2. Cogal. Unha cea para dúas persoas nun establecemento de Rodeiro
3. Hostal La Viuda (Trives), 1 cea para 2 persoas.
4. Adega Chao do Couso, un lote de viños de (Terra de Trives)
5. Casa Agenor (Trives), Comida para dúas persoas
6. Panadería Caneda de Trives, un lote de produtos
7. KaleKói, lote de produtos
8. Talasoatlantico, 2 bonos de percorrido mariño no talaso
9. Galicia Calidade, lote de produtos
10. Disbecom, lote de produtos
11. Caurelor, lote de produtos
12. Adega Entresrios, lote de viño
13. Caureleando, unha ruta guiada especializada para dúas persoas no Caurel

14. Casa Ferreiro, 1 noite para 2 personas
15. Cafento, lote Montecelio, cafeteira Nautilus + caixa de café stracto surtido
16. Cuchillería as Burgas, un cesto con coitelos para uso familiar.

Os premios serán uns lotes de produtos subministrado polos colaboradores da iniciativa.

Os premios caducarán aos trinta (30) días naturais a partires do sorteo, despois pasará a ser premiado ó 1º reserva de cada premio que entra no sorteo, polo tanto serán sacadas unha papeleta reserva por cada premio.

De conformidade co disposto Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os seus datos serán incorporados ao ficheiro denominado "Participantes en accións de promoción do emprego e desenvolvemento local" do que é responsable o Concello de Rodeiro, e serán tratados coa finalidade promover o desenvolvemento local a través da organización de actividades e a dinamización social. Poden exercer o seu dereito de acceso, rectificación ou cancelación ante o responsable do ficheiro.

O responsable do ficheiro é: alcalde do Concello de Rodeiro; Praza da Fonte, 2; 36530 Rodeiro; Pontevedra.

A data de entrega de premios aos establecementos gañadores e o sorteo dos gañadores entre o público participante realizarase nun acto conxunto e programado en coordinación cos negocios participantes.

6. PUBLICIDADE

6.1 Con esta nova edición de Rodeiro de tapas temos una magnífica oportunidade para dar a coñecer os produtos locais e incentivar a visita ao Concello, contribuíndo deste xeito a dinamización económica e social.

O paquete publicitario esténdese a dúas categorías "público" e "establecemento".

6.2 Público.

Cada cliente poderá votar en cada establecemento e facer a súa valoración da tapa que degustou. Deberá completar correctamente a información persoal, número de teléfono e nome e apelidos para ser considerada válida/o. De entre todos os participantes na valoración das tapas sortearemos uns lotes de produtos aportados polos colaboradores.

6.3 Establecemento.

A organización equipará a cada establecemento con carteis A3 con a publicidade do evento, papeletas para a votación dos seus clientes e pasaportes co plano da ruta de tapeo e urnas de cartón para o seu depósito.

Traballarase cos perfiles en redes sociais coa información detallada do evento (participantes, premios, tapas, localización, etc).

ANEXO I – TARXETA DE VALORACIÓN DO PÚBLICO



RODEIRO DE TAPAS 2022

NOME DO LOCAL E PUNTUACIÓN DA TAPA/CÓCTEL:

1 Punto 2 Puntos 3 Puntos 4 Puntos 5 Puntos

DATOS DO VOTANTE (OBRIGATORIO)

Nome e Apellido _____ DNI _____ Poboación _____


Telefone _____ E-mail _____

* Só serán válidas aquelas votacións que inclúan correctamente todos os datos persoais que se requiren á votante, que se poderá exercer un voto por local cunha única puntuación asignada. Tódolos votos que non cumpran estas condicións quedarán inactivos de cara á elección.

Os datos recollidos nos ficheros informativos do Concello de Rodeiro a partir dos facilitados por votante, son confidenciais e só poderán ser empregados para o envío de información en relación coa súa solicitude.

O usuario pode en calquera momento en conformidade co establecido pola Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición solicitando por correo electrónico a info@rodeiro.org o seu titular cunha referencia ao número 304 986 790 241

ANEXO II – PASAPORTE



3.- DESIGNACIÓN DOS INTEGRANTES DO XURADO PROFESIONAL DO CONCURSO “RODEIRO DE TAPAS. IX XORNADAS DE PROMOCIÓN DA CAZA E DOS PRODUTOS LOCAIS”

De conformidade co establecido nas Bases aprobadas por este órgano, a Xunta de Goberno Local, a proposta da Sr. concelleiro-delegado de educación, turismo, comunicación, patrimonio e comercio, e por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda designar aos seguintes integrantes do xurado profesional do concurso “Rodeiro de Tapas. IX Xornadas de promoción da caza e dos produtos locais”:

PRESIDENTA:

- Susana López Carbia, presentadora da Televisión de Galicia.

VOGAIS:

- José Antonio Domínguez Loureiro, blogueiro gastronómico.
- Víctor Blanco Gato, blogueiro gastronómico.
- José Crusat González, adegueiro.
- Vanesa Rivas Vilar, creadora de plataforma web de difusión de cultura e eventos.
- Loly Gómez Oviedo, presentadora da Televisión de Galicia.

SECRETARIO (con voz e sen voto):

- José Manuel García Barreiro, xornalista gastronómico e coordinador do concurso.

4.- DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, POR SUBSTITUCIÓN, DUN POSTO DE TRABALLO DE ADMINISTRATIVO-ENCARGADO DO CENTRO CULTURAL MUNICIPAL

De conformidade co establecido na Base sétima do proceso selectivo, aprobada por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 20 de abril de 2022, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Sr. alcalde e por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Designar como membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, por substitución, dun posto de traballo de administrativo-encargado do Centro Cultural Municipal, ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: Alfonso Doval Cidre, técnico informático.
Natalia Salgado Rodríguez, traballadora social.

SECRETARIO: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

5.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O PROXECTO DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL”

Dáse conta aos Sres. concelleiros asistentes da convocatoria de subvencións realizada pola Deputación Provincial, en réxime de concorrencia non competitiva, para o proxecto “Primeira Experiencia Profesional” nos concellos da provincia de Pontevedra 2022/2023 no marco do programa Plan de fomento da empregabilidade (BOP núm. 74, do 19/04/22) e a conveniencia de solicitar dita axuda para o financiamento da contratación laboral, baixo a modalidade de contrato formativo, dun/ha traballador/a a tempo completo para un período dun ano. Propónse a contratación dunha persoa co nivel de estudos de Ciclo superior de formación profesional para desempeñar funcións de administrativo/a adscrito/a ao Departamento municipal de Servizos Sociais.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de subvención para o programa “Primeira Experiencia Profesional” para a contratación, baixo a modalidade de contrato formativo, dun/ha traballador/a coa seguintes titulación:

- ✓ Ciclo superior de formación profesional.

Segundo.- Solicitar á Deputación Provincial a cantidade de TRECE MIL DOUSCENTOS EUROS (13.200,00 €) para a realización do proxecto subvencionado.

Terceiro.- Asumir o compromiso de financiar o importe non subvencionado dos custos necesarios para a realización do proxecto.

Cuarto.- Aceptar integramente as bases reguladoras e asumir os compromisos que nelas se establecen.

Quinto.- Ao non existir no Concello convenio ou táboa salarial de aplicación, acórdase fixar as retribucións salariais brutas do/a traballador/a que se contrate a través deste plan, en cómputo mensual e de conformidade co disposto no Anexo II das Bases, da seguinte forma:

RETRIBUCIÓN TOTAL CONTRATO (incluído soldo, pagas extras e complementos salariais)	COTIZACIÓN EMPRESARIAL Á SEGURIDADE SOCIAL	COSTE TOTAL MENSUAL DO POSTO DE TRABALLO
1.341,63 €	121,55 €	1.463,18 €

Sexto.- Facultar ao Sr. alcalde, para que na representación do Concello, solicite a subvención e asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

6.- ALTA DE USUARIA NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2021-2022

VISTA a instancia presentada por Dona María José Fafián Senra, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Asperelo, parroquia de San Martiño de Asperelo (RE núm. 647, do 26/04/22), pola que solicita a alta da súa filla Irina Faílde Fafián como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2021-2022, en xornada completa ou, subsidiariamente, en xornada parcial de tarde.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe favorable emitido, con data 27/04/22, pola traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez, no que acredita que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a existencia de prazas vacantes a esta data nas quendas solicitadas, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda proceder á alta, como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2021-2022, da menor IRINA FAÍLDE FAFIÁN, en xornada parcial de tarde, con data de efectos do día 1 de maio de 2022.

7.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON MINUSVALIDEZ

VISTA a solicitude presentada por Dona María Preciosa Vázquez Guerreiro (RE núm. 599, do 18/04/22), e a proposta de resolución emitida con data 03/05/22 pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros

asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona MARÍA PRECIOSA VÁZQUEZ GUERREIRO, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Saborín, parroquia de Vilela.

8.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA

VISTA a instancia presentada pola sociedade DEPUR GM DESEÑO E OBRA S.L., co CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Lalín (RE-E núm. 191, do 29/04/22), pola que solicita a devolución da garantía constituída a favor deste Concello mediante aval da entidade financeira BANKINTER S.A., estendido con data 09/12/21 (registro núm. [REDACTED]), por importe de VINTE E OITO MIL SETECENTOS SESENTA E OITO EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS (28.768,45 €), en concepto de garantía para responder das obrigacións derivadas das operacións preparatorias realizadas en concepto de acopio de materiais da obra de “*Construcción dun edificio polivalente de uso asistencial – Fase III*”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a súa cancelación e devolución á solicitante.

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 17.469,26 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de marzo de 2022, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 8.973,99 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de marzo de 2022, s/recibos.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 17,40 €, 203,28 €, 69,39 € E 64,30 €
Por consumos dos teléfonos das dependencias municipais, s/facturas núm. TA6SA0001263, TA6SA0001264, TA6SA0001283 e TA6SA0001284 (FACe).

- XUNTA DE GALICIA 36,00 €
Por autoliquidación de taxa de Augas de Galicia en concepto de autorización no dominio público hidráulico, s/cargo.
- ASPY PREVENCIÓN S.L.U. 2.242,41 €
Por contrato anual de prevención técnica e medicina do traballo, s/factura núm. 2022028649.
- MANUEL LEDO GARCÍA 116,48 €
Por subministro de céspede para zonas verdes municipais, s/factura núm. A/112.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 2.668,65 €
Por traballos de instalación de rede de voz e datos na Casa do Concello, s/factura núm. 26/22.
- MARÍA JOSÉ DÍAZ MARTUL 81,60 €
Por reparacións de pneumáticos de vehículos municipais, s/factura núm. A/865.
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 1.016,40 €, 1.179,75 € E 2.734,60 €
Por traballos de limpeza e formigonado de beira estradas nos lugares de Carboentes, Padín, Cuñarro e Xabalde, s/facturas núm. 1/2022, 4/2022 e 5/2022.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)